

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

EXTRACTO da Orde do 30 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás empresas de inserción laboral (EIL) e ás súas entidades promotoras, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020. Programa I: axudas ao mantemento do custo salarial das persoas traballadoras en risco ou situación de exclusión social (código de procedemento TR356A).

BDNS (Identif.): 492786.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

1. As empresas de inserción laboral inscritas como tales no Rexistro Administrativo das Empresas de Inserción Laboral de Galicia, de acordo co disposto no Decreto 156/2007, do 19 de xullo, que regula o procedemento para a cualificación das empresas de inserción laboral e que teñan o centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que cumpran as condicións e os requisitos establecidos nas bases reguladoras.

2. Tamén poderán solicitar e ser beneficiarias das axudas aquelas empresas que na data de presentación da solicitude da axuda teñan solicitado a súa cualificación como EIL, de conformidade co Decreto 156/2007.

Segundo. *Obxecto*

Promover a inserción sociolaboral das persoas en situación ou en risco de exclusión social mediante o establecemento de medidas de fomento das empresas de inserción laboral, previamente cualificadas no Rexistro Administrativo de EIL de Galicia, que teñan centros de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia.

A través deste programa se lles subvenciona parcialmente ás empresas de inserción laboral os custos salariais das persoas traballadoras en situación ou en risco de exclusión social que teñan contratacións mínimas de 6 meses.



Terceiro. *Importe*

Para a concesión das axudas reguladas neste programa destínanse 330.000 euros con cargo á aplicación 09.40.324C.470.5, código de proxecto 201500561.

Cuarto. *Bases reguladoras*

Orde do 30 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás empresas de inserción laboral (EIL) e ás súas entidades promotoras, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020. Programa I: axudas ao mantemento do custo salarial das persoas traballadoras en risco ou situación de exclusión social (código de procedemento TR356A).

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será de dous meses desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Cada entidade só poderá presentar unha única solicitude.

Sexto. *Outros datos*

As axudas concédense en réxime de concorrencia non competitiva.

O período subvencionable comprenderá desde o 1 de outubro de 2019 ata o 30 de setembro de 2020.

A data máxima de xustificación das accións subvencionadas será o 6 de novembro de 2020.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2019

Francisco Conde López
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria

